

A oposición ven de solicitar a convocatoria dun pleno extraordinario para debatir 13 mocións

6, Decembro 2016 Cope Carballiño [f](#) [t](#) [w](#) [p](#)



Os tres grupos da oposición -Polos veciños, PSOE e Fai O Irixo- solicitaron a convocatoria dun pleno extraordinario para que sexan tratadas as súas mocións, ante a ausencia de convocatorias de plenos ordinarios da corporación municipal do concello do Irixo.

A solicitude está acompañada da seguinte documentación:

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

PRIMEIRO: Que a lexislación vixente e anteriormente citada, contempla a posibilidade de que os concelleiros propoñan a celebración dun pleno extraordinario atendendo os seguintes puntos.

SEGUNDO.- Que a solicitude ten que estar firmada polo menos pola cuarta parte dos concelleiros da corporación.

TERCEIRO.- Que ningún concelleiro poderá solicitar máis de tres sesións extraordinarias do Pleno o ano.

CUARTO.- Que a convocatoria solicitárase por escrito, no que se especificará o asunto que a motiva e, no caso de que se pretenda adoptar un acordo, se incluírá o texto que se queira someter a debate a votación.

QUINTO.- Que a celebración do Pleno extraordinario non poderá demorarse máis de quince días hábiles dende que fora solicitado, e sen que se poida incorporar o asunto proposto na orde do día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario, se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.


SEXTO.- Que se o Sr. Alcalde presidente non convocase o Pleno extraordinario para a súa celebración no prazo sinalado, quedará automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte o da finalización de dito prazo, as doce horas.

SEPTIMO.- Que en ausencia do presidente ou de quen legalmente haxa de substituílo, o Pleno será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes.


EXPOSICION DE MOTIVOS

PRIMEIRO.- Que entendemos os grupos da oposición que o Sr. Alcalde de O Irixo, e o seu tenente de alcalde en especial, xunto co resto de concelleiros do partido popular, exercen o goberno do concello de O

RADIO EN DIRECTO



COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO



ABRIR NUNHA NOVA FIESTRA



ENLACE DIRECTO

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Decembro 7, 2016
22:00-01:00



Mañá, Decembro 8, 2016
13:00-19:00



Decembro 9, 2016
13:00-19:00



O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

ACTO LITERARIO NA CASA DO CONCELLO DE BEARIZ, O SÁBADO 26 ÁS 7 DA TARDE: O BEARICENSE PEPE BALBOA DISERTA SOBRE O SEU LIBRO "UN DE TANTOS".

ACTUACIÓN MUSICAL DE MIRO CASABELLA NO CASINO DO CARBALLIÑO, ORGANIZADA POLA A.C. AVANTAR. SÁBADO DIA 26 DE NOVEMBRO ÁS 8 DA TARDE.

TIRULEQUE TEATRO OFRECE UNHA NOVA REPRESENTACIÓN DE "MEDIA DE CALLOS". DOMINGO DIA 26 DE NOVEMBRO ÁS 7 DA TARDE NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

TASCA E LITERATURA NA ADEGA DE FLORES. O DOMINGO 20 DE NOVEMBRO A PARTIR DAS 12:30 HORAS: POESIA CON V. VIÑAL, V. GULIAS, CONCHA ROUSIA, ROCHI NOVOA E LUIS GONZÁLEZ TOSAR. MÚSICA CON ROBERTO SOBRADO, ANDRÉS FERNÁNDEZ E ANDASOA.

Irixo de forma despótica sen ningún respecto polos concelleiros da oposición que democraticamente foron elixidos polos veciños e veciñas de O Irixo.

SEGUNDO.- Que proba de esto e que o Sr. Alcalde arbitrariamente non inclúe nas sesións plenarias ordinarias as propostas e mocións da oposición, mocións que entendemos axudarían a mellorar a vida dos veciños e veciñas de O Irixo.

TERCEIRO.- Que entendemos unha falta de talante democrático e bo goberno que non se consulten as convocatorias das sesións plenarias e sen permitir conciliar a vida municipal e profesional de forma escandalosa e a sabendas de que se prexudica os concelleiros da oposición os que arbitrariamente se aceptan ou denegan as súas moción a hora de incluír na orde do día das sesións plenarias.

CUARTO.- Que non se convoca Pleno de ordinario dende o pasado 31 agosto 2016, fai xa mais de 3 mes, e nesta última convocatoria non se incluíron varias mocións xa presentadas pola oposición, algunha dende hai mais de catro meses, acumulándose a data de hoxe 13 mocións da oposición que non se levan a pleno. Que tendo en conta o anteriormente exposto e que todas as mocións xa foron presentadas no rexistro do Concello e entendendo que se cumpren tódolos requisitos legais esixibles, solicitamos a convocatoria dun PLENO EXTRAORDINARIO coa orde do día que debe ser transcrita segundo se achega da forma seguinte:

1º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO PARA A REPARACIÓN REHABILITACIÓN DO CRUCEIRO DE ORROS, E CONSERVACIÓN E PROTECCIÓN E POSTA EN VALOR DO ENTORNO E DO CRUCEIRO DA RUA E DA SUA PRAZA NA PARROQUIA DE LOUREIRO. (Rexistrouse o día 29 de xullo de 2016.)

2º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO PARA O MANTENIMENTO, LIMPEZA E REPARACIÓN DAS HUMIDADES DO CENTRO ESCOLAR DE O IRIXO. (Rexistrouse o día 12 de agosto de 2016.)

3º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO PARA A CONSTRUCCIÓN E/OU APERTURA DUN CENTRO DE DÍA NO IRIXO. (Rexistrouse o día 19 de agosto de 2016.)

4º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO CUNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE DA LABOR E IMPORTANCIA DA COOPERATIVA DE LOUREIRO E DO SEU FUNDADOR PARA O IRIXO. (Rexistrouse o día 9 de setembro de 2016.)

5º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO PARA A ORGANIZACIÓN DE REUNIÓN INFORMATIVAS POR PARROQUIAS SOBRE BENEFICIOS E PERXUIZOS DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA NO IRIXO. (Rexistrouse o día 23 de setembro de 2016.)

6º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. (Rexistrouse o día 4 de novembro de 2016.)

7º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO PARA A CONTRATACIÓN DAS EMPRESAS DO IRIXO NAS OBRAS PÚBLICAS DO CONCELLO DO IRIXO. (Rexistrouse o día 11 de novembro de 2016.)

8º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE O IRIXO PARA QUE SE REFORCE CON OUTRA AMBULANCIA O SERVIZO DE EMERXENCIAS DO PAC DO CARBALLIÑO DO QUE DEPENDE O IRIXO. (Rexistrouse o día 25 de novembro de 2016.)

9º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DE FAI IRIXO PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS PARA INSTAR Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL PARA QUE PROCEDA Ó DRAGADO DE SEDIMENTOS DO LEITO DO RÍO VIÑAO Ó SEU PASO POLOS LUGARES DAS LAXAS E DA PONTE. (Rexistrouse o día 9 de agosto de 2016.)

10º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DE FAI IRIXO PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS PARA QUE A XUNTA DE GALICIA ASUMA OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E MANTENIMENTO DO CENTRO DE SAÚDE DO IRIXO. (Rexistrouse o día 12 de agosto de 2016.)

11º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DE FAI IRIXO PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS PARA A CREACIÓN DE RUTAS DE ÁRBORES E FORMACIÓNS VEXETAIS SINGULARES DO CONCELLO DO IRIXO. (Rexistrouse o día 12 de agosto de 2016.)

12º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DE FAI IRIXO PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS PARA A PRESTACIÓN DE AXUDAS Á MOBILIDADE DENTRO DO CONCELLO. (Rexistrouse o día 18 de outubro de 2016.)

13º.-MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DE POLOS VECIÑOS PARA A CREACIÓN DUNHA ESCOLA TALLER AGROALIMENTARIA NO CONCELLO. (Rexistrouse o día 17 de xuño de 2016.)

TEATRO NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO. SABADO 19 ÁS 20:30 HORAS A COMPAÑIA "SUDHUM" DE MADRID PRESENTA "FRAUDE". O DOMINGO 20 "PORTA ABERTA" DE VIGO CON "A CASA DO SENADOR".

PRESENTACIÓN DO LIBRO-DVD "MANUEL MARÍA: EU SON A FALA E TERRA DESTA MIÑA TERRA", DE MARGARITA LEDO ANDIÓ. INTERVIRÁN LOIS DIÉGUEZ E FELIPE SENÉN. ORGANIZAN AVANTAR, CINE-CLUB E ANDASOA.

TEATRO NO AUDITORIO, O DOMINGO DIA 6 DE NOVENBRO ÁS 7 DA TARDE, ACTUACIÓN DO GRUPO "ANDARAVÍA TEATRO" CO SEU ESPECTÁCULO "MANIFÉSTATE". ORGANIZA TIRULEQUE COA COLABORACIÓN DO CONCELLO DO CARBALLIÑO E DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

TEATRO: DOMINGO 29 DE OUTUBRO ÁS 7 DA TARDE NO AUDITORIO, CONTINUA A MOSTRA DE TEATRO AMADOR, ACTUARÁ O GRUPO ACHÁDEGO TEATRO DE LUGO CO SEU ESPECTÁCULO "O BARCO SEN MARIÑEIRO"

MOSTRA DE TEATRO AMADOR: DOMINGO 23 DE OUTUBRO ÁS 7 DA TARDE NO AUDITORIO, O GRUPO FARANDOLEIROAS CABARÉ PRESENTA O SEU ESPECTÁCULO "PÁNICO"

2ª ANDAINA E TRAIL DO OUTONO DO CONCELLO DE PIÑOR, O SÁBADO DIA 15 CON SAÍDA ÁS 4 DA TARDE DENDE O CAMPO DA PEREGRINA, NO POBO DE ARENTEIRO.

